



FICHA ISAD(G) DA ESCOLA DE NENOS

1.- ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Código(s) de referencia	ES.GA.36057.AM.VIG.12
Título	ESCOLA DE NENOS
Datas	1752-1846
Nivel de descrición	Fondo
Volume e soporte	2 unidade de instalación con 83 expedientes ou agrupacións documentais en soporte papel na súa totalidade

2.- ÁREA DE CONTEXTO

Nome do produtor	Escola de Nenos
<i>Historia administrativa (ISAAR)</i>	<p>A Obra Pía da Escola de Primeiras letras de Vigo ten a súa orixe na fundación realizada por Genaro Garza Quiroga, residente na cidade mexicana de Veracruz, se ben non se sabe con certeza o ano da mesma, existindo información dende 1803. Desde ese mesmo momento tense tamén constancia da existencia do Estudo de Gramática, situado no Convento de San Francisco e sostido cos fondos do mesmo legado.</p> <p>A partir de 1841 o Concello, que exercía de patrón da Obra Pía nos anos previos, absorbe á mesma e ocúpase da súa xestión, comezando a abrirse novos establecementos educativos na cidade.</p>
Institución arquivística	Arquivo municipal de Vigo
Historia arquivística	Esta documentación estaba inicialmente integrada na sección Educación do fondo municipal e mesturada co resto da documentación relacionada coa función educativa do Concello. Non obstante, como consecuencia da reorganización dos fondos documentais iniciada en 2020, este fondo foi individualizado e dotado dun cadro de clasificación simple en base a dúas series documentais.
Forma de ingreso	Descoñécese, aínda que ao pertenceren o Concello ao padroádego da Institución entendemos que a documentación custodiada no Arquivo é resultado da súa acumulación.

3.- ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido	O fondo das Escolas de Nenos componse de apenas dúas unidades de instalación, repartidos entre os anos 1752 e 1846 e cunha extensión de 0,22 metros lineais. A maior parte dos documentos conservados fan referencia á xestión económica do legado, aínda que tamén se atopan regulamentos, listados de alumnos, expedientes relativos a obras de acondicionamento ou correspondencia.
-------------------	--



Valoración, selección e expurgo	Non se realizou ningún expurgo dado a pequena dimensión do fondo e o seu carácter patrimonial e de conservación permanente.
Novos ingresos	Non se esperan novos ingresos dado que se trata dun fondo pechado pertencente a unha institución desaparecida.
Organización	O fondo está organizado en dúas series documentais: > Expedientes da Escola de Nenos (1803-1846) > Contabilidade da Escola de Nenos (1752-1843)

4.- ÁREA DE CONDICIÓN DE ACCESO E UTILIZACIÓN

Condicións que rexen o acceso	Documentación patrimonial de libre acceso.
Condicións de reprodución	Reprodución libre a solicitude do interesado, coa excepción da protección documental e da salvagarda da súa integridade.
Notas da lingua/escritura dos documentos	Castelán
Características físicas e requirimentos técnicos	
Instrumentos de descrición	Catálogo informatizado dispoñible en www.atopo.depo.gal

5.- ÁREA DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA

Existencia e localización de orixinais	Non se coñece a existencia de orixinais fóra do arquivo municipal.
Existencia de localización de copias	Non se coñece a existencia de copias
Unidades de descrición relacionadas	Dado que o Concello de Vigo era membro do padroádego de varias institucións, pódese encontrar documentación referidas ás contas da Escola de Nenos nos fondos da Capela do Castro e do Hospital de Pobres de Vigo, tamén custodiados no Arquivo municipal.
Nota de publicación	

6.- ÁREA DE NOTAS

Notas	
-------	--

7.- ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN

Notas do arquivista	Descrición realizada polo persoal técnico do Arquivo municipal de Vigo e colaboradores
Notas do arquivista	Primeira versión: Xaneiro de 2021 Segunda versión: Setembro de 2021
Regras ou normas	General International Standard Archival description, Second Edition, ISAD (G) Norma Galega de Descrición Arquivística (NOGADA)
Data da descrición	Xaneiro de 2021
Estado de elaboración	Borrador
Nivel de detalle	Parcial

**ARQUIVO
MUNICIPAL**

**CONCELLARÍA DE
CONTRATACIÓN, PATRIMONIO
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



Idioma	Galego
Fontes	